




II - COMO ARRANCA UN PROXECTO?:

Técnicas e dinámicas para a elección da temática do proxecto

1.- Quen decide o tema do proxecto?

Entendemos que o tema do proxecto deberá ser elexido, en cada caso, segundo as necesidades e intereses da aula, pero en todo caso o alumnado deberá ser partícipe activo nesta toma de decisión.



Reflexionando sobre este aspecto acordamos que pode xurdir de moitas fontes diferentes, pero que en todo caso deberemos facer partícipe ó alumnado desta decisión, empregando técnicas e dinámicas que o permitan.

2.- Técnicas e dinámicas para "arrancar un proxecto"?

Comentamos, de seguindo, unha serie de técnicas e dinámicas que foron tratadas na reunión correspondente do seminario, algunhas delas foron vivenciadas polos propios participantes. En moitas ocasións poderemos combinar varias co obxectivo final de que "o alumno/a sexa partícipe na toma da decisión do tema a tratar". Todas estas técnicas son empregadas a diario en moitas facetas do día a día na aula, pero son moi eficaces nesta primeira fase dun proxecto.



Choiva/tormenta de ideas:

Trátase dunha dinámica na cal cada un dos alumnos/as plantexa os posibles temas sobre os que estaría interesado en investigar. Sobre esta dinámica poden facerse variacións ou empregala como complemento doutras técnicas. Mediante a “choiva de ideas” acabaremos tendo un panel cheo de ideas e temas, a partir do cal iremos seleccionando, de forma acordada, os temas viables e máis interesantes para o grupo, iremos unindo diferentes temas baixo un mesmo epígrafe ata que cheguemos a un acordo sobre o tema a elixir.

Nesta dinámica estamos traballando de forma especial a comunicación oral do alumnado, xa que deberán argumentar e contraargumentar cada unha das decisións tomadas.

Partindo da vida real:

En ocasións un feito que suceda na casa dun compañeiro, na aula, no patio... por irrelevante que pareza pode dar lugar a preguntas de profundo calado que darán pe a proxectos de investigación interesantes, nos que traballar diferentes obxectivos dos que teñamos plantexados para o noso grupo.

Partindo dunha pregunta que xurde na vida da aula:

As veces os temas xurdirán dunha pregunta que xurda na aula, por diferentes vías e razóns, preferiblemente a partir dun feito concreto que aconteza. Noutras ocasións esta pregunta poderá xurdir como o resultado doutra tarefa diferente a un proxecto.

Neste tipo de dinámicas o docente deberá prestar atención ó que suceda na aula, e “recoller” aqueles temas ou preguntas que xurdan e que se adapten os obxectivos que ten plantexados.

Partindo dunha noticia:

Os medios de comunicación, e en especial as noticias, poden ser unha fonte inesgotable de temas para iniciar un proxecto de traballo. Unha noticia que trae un compañeiro/a á aula será máis motivante de cara a levar a cabo unha investigación, que un tema plantexado de forma aillada. O propio docente poderá aportar noticias como fonte de partida, se ben sempre sería máis interesante que dita noticia fose atopada polos propios alumnos traballando, por exemplo, con xornais na aula.

Evidentemente se a noticia ten que ver con algo que sucede no seu entorno próximo, ou ten que ver con eles directamente (porque está relacionada co seu grupo de idade por exemplo), será moito máis motivante que calquera outra.

Algo sorprendente: unha caixa misteriosa:

Se, pola razón que sexa, nos interesa que un tema concreto xurda como tema para un proxecto de traballo, podemos “xogar” co factor sorpresa, buscando calquera elemento sorprendente ou misterioso que faga voar a súa curiosidade e de lugar a diferentes preguntas sobre o tema.

O contido dunha caixa pechada, deixada na aula para que a abran e “exploren” sen máis instrucións pode dar lugar, partindo do contido da mesma, a diferentes hipóteses, plantexamento de dúbidas e preguntas, que ben poden dar lugar ó comezo dun proxecto de traballo.

Unha necesidade común:

Outro dos aspectos que fan que un tema sexa efectivamente motivante para o alumnado, é o feito de que se trate dunha necesidade clara e coñecida, moito mais se falamos dunha necesidade



común. Supoñamos que o centro plantexa pintar os muros do colexio entre todos e todas, e se plantexa a problemática de como facelo. Esa problemática "inicialmente allea" se converte desde o momento en que se fai partícipe ó alumnado nunha "problemática propia" da que ben pode xurdir un proxecto que teña como finalidade última "solucionar esa necesidade común" (no noso exemplo podería dar lugar a investigar que técnicas pictóricas se empregaron ó longo da historia para decora paredes ou ben ó traballo cunha temática común que se poidese plasmar neses muros, etc.)

Unha finalidade concreta:

En ocasións unha finalidade concreta pode dar lugar a un proxecto de traballo: queremos converter a aula en...; queremos facer unha excursión e temos a necesidade de coñecer onde vamos, como xestionar a viaxe, como chegar; crear un horto escolar plantexa a necesidade como facelo, cando e como plantar; facer unha obra de teatro supón investigar e traballar cos diálogos e guións, o que permitiría investigar sobre a dramatización, o teatro, o cine....

Neste caso a finalidade é tan clara que o tema en si vai implícito na tarefa concreta.

Listados de temas:

A partir de calquera outra dinámica, podemos conseguir unha serie de temas a investigar atopándonos coa necesidade de escoller un de forma consensuada. Neste senso poderemos optar por votacións democráticas tras un proceso de argumentación e defensa de cada un dos temas propostos, establecendo un diálogo e debate que nos leve a un consenso baseado na viabilidade de cada tema e do interese do grupo.

Partindo de cadros ou outras obras de arte:

A través da interpretación creativa de obras pictóricas (por exemplo tra-la visita a un museo), pezas musicais (traballadas ou non na aula), libros, obras escultóricas, arquitectónicas... pode xurdir un proxecto por "curiosidade" de coñecer quen as creou, en que circunstancias, con que finalidade...

Correspondencia:

Outra forma de introducir un tema na aula pode ser empregar a correspondencia con outros centros, especialmente se están traballando cun proxecto e nos solicitan axuda para buscar información, é posible que xurda o interese co noso alumnado ante as preguntas dos outros.

Noutras ocasións pode tratarse de cartas (e-mails) non relacionadas directamente con proxectos pero das que xurdan dúbidas ou preguntas que poidan dar lugar a un posible proxecto de traballo.

A mascota de aula:

Especialmente nos máis pequenos, poderá ser un axente para introducir temas dos que poidan partir proxectos de traballo.

Se se trata de mascota de centro (biblioteca) pode "propoñer" ideas ás diferentes aulas, de xeito que combinando esta técnica con outras das indicadas, permita introducilos nun proxecto a nivel centro.

As familias:

Habitualmente o papel das familias nos proxectos de traballo queda relegado a transmisores de "fontes de información", poderíamos ampliar a súa presenza a outras fases do proxecto como na



proposta de temas. Xa sexa directamente ou indirectamente, as familias, a través dos seus fillos/as, poden facernos chegar á aula ideas interesantes das que poida xurdir un proxecto de traballo.

Adiviña o que hai:

En botes pechados, ou similares, nos que non se poida ver o contido do mesmo, podemos introducir diferentes obxectos, a partir dos cales poidan xurdir preguntas e dúbidas que nos permitan iniciar un proxecto de traballo.

Nesta técnica o docente pode seleccionar aqueles obxectos que poidan dar lugar ás preguntas nas que estea interesado que se afonde, segundo os obxectivos plantexados.

Partindo de outra tarefa:

As diferentes tarefas, exercicios e actividades, máis aló dos proxectos de traballo, que fagamos na aula, poden dar lugar a dúbidas e preguntas das que podemos facer xurdir un proxecto de traballo.

As asambleas:

Os diálogos en gran grupo dan lugar a que xurdan dúbidas e temáticas das que pode nacer un proxecto de traballo totalmente inesperado. Neste senso como docentes tamén podemos “deixar caer” ideas nesas asambleas, ou plantexar preguntas que den lugar a que xurdan dúbidas e curiosidade por un tema concreto.

Ademáis das aquí indicadas poderemos empregar calquera outra técnica que de lugar a que o alumnado se interese por unha temática ou feito, a partir da cal dar lugar a un proxecto de traballo.





PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO "Proxectos de traballo" - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)